

FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 7

NADAL 2005



¡FELICES FESTAS!

C.E.I.P. MONTEMOGOS
BELUSO

ÍNDICE



EDITORIAL	3
EDUCACIÓN INFANTIL:	
▪ BENVIDOS Ó COLE	4
▪ O MAGOSTO	5
CONTOS DE OUTONO	9
A VENDIMA	11
O MUNDO ANIMAL	12
CANCIÓNS DOS NÓSOS AVÓS	14
MANUEL MARÍA E SUSO VAAMONDE	16
AS NOSAS RECEITAS MÁIS DOCES	18
ROMARÍA DE SAN AMEDIO	20
DICCIONARIO IMAXINARIO	22
A MARAGOTA	23
A NÉCORA	25
O POLBO	27
A RA	29
O FALCÓN COMÚN	30
OS ARAOS	31
PEARL HARBOR	32
VOLVO OCEAN RACE	33
A CONTAMINACIÓN	34
OS INMIGRANTES	35
CONTOS	36
POESÍAS	42
CONCURSO	45
DEPORTES	46
ENTREVISTA A DAVID CAL	47
PASATEMPOS	48



EDITORIAL

Eu, O FIADEIRO, un ano máis aparezo por estas datas porque quero recoller tódolos traballos que fixeron os nenos do C.E.I.P. de Beluso, dirixidos e orientados polos seus mestres.

Eu, O FIADEIRO, quero visitar as casas deste pobo para que me vexa a xente e que poida pasar un pouquiño de tempo informándose de moitas cousas e tamén rindo con algunhas das ocorrencias que algúns rapaces me dixeron para que eu as leve dentro destas páxinas.

Eu, O FIADEIRO, dígovos a vós, nenos e maiores, que temos que lembrar e ser solidarios, sobre todo nestas datas, con todos eses outros nenos que non teñen as oportunidades que nós temos. Témoslos que axudar dentro das nosas posibilidades. Non podemos mirar para outro lado e facer como que non existen.

Eu, O FIADEIRO, tamén lle quero dar a benvida a tódolos nenos e mestres que se incorporaron neste curso ó noso colexio. Que a súa estadía entre nós sexa o máis agradable posible.

Eu, O FIADEIRO, quérovos desexar a todos unhas



e un mellor

¡¡ ANINVO 2006!!

ii BENVIDOS Ó COLE !!

Nós somos os que entramos por primeira vez no noso cole, o C.E.I.P. de Beluso. Queremos que nos coñezades e ímonos presentar un por un.

Somos:



Carlos



Sara



Óscar



Adrián



María



Jorge



Isaac



Daniel



Alejandro



Diego



Víctor



Zaira



Belén



Claudia



Lucía

O MAGOSTO

Os nenos de Educación infantil preparamos este ano o
Magosto con moitas ganas.iiQue ben o pasamos!!



Imos de excursión ó bosque.
Queremos recoller castañas

Chegamos ó soto
Buscamos entre as follas
Atopamos moitas castañas



Chegou o gran día



Imos pinta-lo cuclurudo
para gardar as castañas



Pintamos con moito cuidado
í que bonito nos quedou!

PARAMOS UN ANAQUIÑO
PARA DESCANSAR E XOGAR



O LUME X A ESTÁ PREPARADO
Í QUE BEN CHEIRAN
AS CASTAÑAS ASADAS!



Xa temos fame.
Primeira a merenda
e despois ...

Hoxe de postre...! castañas!
" deste postre de castaña
comerei de boa gana."



E coS NÓS CE STIÑOS
MOS PARA CASA CONTENTIÑOS

CANTIGA



UN HA CASTAÑA CAELI CAELI
 IQUE CASTAÑAZO NA CHOLA ME DEU!
 DUAS CASTAÑAS CAERON CAERON
 IQUE CASTAÑAZO NA
 CHOLA ME DERON
 TRES.



CONTOS DE OUTONO



No outono, caen as follas das árbores e as persoas collen castañas. É unha estación do ano na que empeza a facer frío e choiva. Os nenos xogamos coas buxainas e facémo-lo magosto no colexio. Tamén matan os porcos durante o San Martiño.

Roberto Pastoriza Rodríguez 2ºB.

- **Primeiro conto:**

No ano 1909 o outono non chegou a Galicia. Os paxariños non facían os seus niños, non había cogumelos, non caían as follas das árbores...

Pero unha nena que se chamaba Sílvia pensou como podía facer para que volvese outra vez. Foi á súa casa para dicirlle que volvese.

O outono vivía nun iglú moi grande que estaba en Manzaneda e non



quería volver porque a xente se portaba mal con el. A nena díxolle que só eran algunhas persoas, pero que a maioría si o querían.

A nena convenceuno para que volvese e ao chegar fixéronlle unha festa. Na festa había atraccións: a montaña rusa, as cadeíñas, os coches de choque, as colchonetas e os saltóns. Ó outono o que máis lle gustou foi a montaña rusa.

Estaban todos moi contentos de que volvese o outono e este prometeulles que nunca máis ía marchar de Galicia.

Patricia Torres Ferradas 2ºB.

- **Segundo conto:**

Os cogumelos.

Érase unha vez unha nena moi linda chamada Lucía. Tiña un irmán chamado Serxio. Un día, Lucía díxolle se ía ao monte con ela buscar cogumelos. Serxio respon-deulle que si e foron ó monte moi ledos. Atoparon cogumelos en



todas partes. Había de todas clases: grandes, pequenos... E cando encheron os cestíños, marcharon para casa moi contentos.

Iría Rosas Regueira 2ºB.

• **Terceiro conto:**



Érase unha vez unha nai esquiá que lle estaba contando á súa filla como era o outono:

-O outono é moi bo porque hai comida e vendímanse as uvas. Aínda que é un pouquiño vacilón, xa que, fai frío e calor, tamén venta e chove.

A filla só pensaba na comida, e preguntou:

-Que comida ímos atopar?

-Temos que xuntar comida para todo o inverno. Colleremos castañas, noces e outros froitos secos. Teremos que buscalos no chan entre as follas caídas e tamén subindo ás árbores para collelas antes de que caían.

Marcharon contentas pensando en tanta comida.

Susana López Romero 2ºB.

• **Cuarto conto:**


Érase unha vez unha árbore que non tiña follas e

estaba moi preocupa-da. Pero un día, chegou o outono e díxolle que non se preocupase, porque cando el marchara volvería a primavera e que coa choiva das nubes íanlle crecer moitas follas de cor verde e tamén moitos froitos como as mazás, porque ela era unha maceira moi grande.



A árbore e máis o outono fixéronse moi amigos e cada ano o outono visitaba á súa amiga, na súa casa de Beluso.

Lucía Martínez Reiriz 2ºB.



A VENDIMA



Os nenos e nenas de segundo investigamos sobre a elaboración do viño da nosa casa. Chegamos a estas conclusións:

1º Cóllense as uvas da viña que non estean podres e tíranse as que estean secas.

2º Písanse as uvas cos pés e bótanse no barril.

3º Déixanse fermentar no barril durante uns cinco días aproximadamente.

4º Despois vai ó lagar.

5º Logo, prénsanse e sae o viño, separándose así do bagazo.

6º Bótase, por último, o viño nos barrís para que termine a súa elaboración.

Alvaro, Beni, Cielo, Alex, José, Jose Manuel e Brais.

“A CASTAÑA MANOLA”


*A castaña Manola,
era coma unha buguina,
pero non tiñan cola.*

*Un día Manola
saíu pasear,
atopou cun xabaril
e decidiu fuxir.*

*Mentres fuxía,
o xabaril a perseguía,
pero, Manola
atopou con Uxía.*

*Uxía era unha nena,
unha nena pequena.
colleu a Manola,
levouna ó magosto,
e logo...
¡comeuna con mosto!*

Nenos e nenas de 2ºA.



O MUNDO ANIMAL

OS MARSUPIAIS

Os marsupiais son un tipo de animais mamíferos. Moitos deles se caracterizan porque as femias teñen unha bolsa onde gardan os seus fillos. Tan pronto nacen trasládanse á bolsa que a súa mamá ten diante do ventre, e alí permanecen ata que acaban de desenvolverse.

Algúns destes animais son:

Zarigüeira común

A zarigüeira común posúe unha pelaxe espesa e escura da que emerxen pelos de protección longos e brancos.

A cabeza é alongada, con focíño puntiagudo que lle dá un aspecto de roedor. Os ollos son redondos e negros; as orellas delgadas e de cor escura, a miúdo brancas na parte superior. A cola está recuber-



ta de escamas e é prénsil. Nalgúñas subespecies alcanza a mesma lonxitude que o corpo.

Canguro vermello

É o maior dos marsupiais. Polo xeral salta con lentitude, se ben poden alcanzar velocidades de 55-70 km/hora.




Os machos desta especie teñen unha pelaxe roxa, pero as femias son gris-azulada.

Koala

Os koalas pasan case toda a súa vida nas árbores onde dormen dezoito horas ó día.

Aliméntanse de noite preferindo as follas de cinco especies de eucalíptos.

Durante a estación de cría os machos compiten entre si vociferando toda a noite. A femia pare unha soa cría que levará ás costas cando teñan idade suficiente para deixala bolsa.



Oposum de Dahl

Durante o día este oposum permanece fresco e seguro en gretas rochosas das que sae de noite para alimentarse nas árbores.

Machos e femias repártense por igual os coidados das crías, o que é raro entre os mamíferos e descoñecido entre outros marsupiais.

Beni Alvite Piñeiro, 2ºA.

CANCIÓNS DOS NOSOS AVÓS

Os nenos e nenas do 3º nivel, fixemos unha pequena recompilación das cancións que cantaban os nosos avós e aquí tendes unha pequena mostra.



MARUXÍA


Maruxía, Maruxía
 mar de fóra,
 mar na ría,
 mar de fondo,
 Maruxía.
 Mar de cabelos brancos,
 cabelos de mar bravía,
 mar de fondo,
 mar con brío,
 rabuñando nos penedos,
 abrindo vellas feridas,
 téñoche medo mar brava,
 téñoche medo mar viva.
 Maruxía, Maruxía
 mar de fóra,
 mar na ría,
 mar de fondo,
 Maruxía.
 Maruxía, Maruxía.

O VIÑO

O viño é cousa santa
 que naceu na cepa torta
 o viño e cousa santa
 que nace dunha cepa torta
 A uns rómpelle a cabeza
 e outros non *certar* ca porta
 ¡ Ai la la la la la la la!
 O viño tinto é o meu primo
 o branco o meu parente
 eu non vou a ningún sitio
 sen que meu primo non entre.
 ¡ Ai la la la la la la la !

SAN MARTIÑO

Adeus San Martiño de Lúa
 de costas voute mirando
 eu voume para Bos Aires
 e a alma vasmе roubando.
 Viva San Martiño de Lúa
 de *enfrente* parece vila
 ten a rosa na entrada
 e o *clavelín* na saída.
 Adeus San Martiño de Lúa
 a despedida é hoxe
 a volta sabe Deus cando
 Este cantar veu de riba
 e de riba para abaixo
 que a trouxo unha meniña
 nas voltas do seu refaixo.



CANTO DA LAVANDEIRA

Era unha noite de lúa
 era unha noite moi clara
 Eu pasaba polo río
 de volta da muiñada
 Topei unha lavandeira
 que lavaba á par da auga
 Ela lavaba no río
 e unha cantiga cantaba.
 Mozo que vés do muíño
 mozo que vés pola estrada
 axúdame a retorcer
 miña sábane lavada.
 Santa María te axude
 e San Lourenzo te vaia
esparello a lavandeira
 como fumeiro espallada
 Onde as sabas tendera
 por fe mesmo que deixase
 Era unha noite de lúa
 era unha noite moi clara.

**A NACIÓN**

Unha flor, un amor, unha alborada
 Unha fonte, un río, unha praia
 Unha estrela, un camiño, unha alma
 Unha terra, un pobo e unha fala
 A maneira de buscar o noso pan
 Unha forma de bailar no noso chan
 muiñeiras, alalás ou foliadas
 Unha terra, un pobo e unha fala
 Un viñado, un carballón, unha gaita
 A morriña espallada polo mundo
 A muller que da casa está emigrada
 Unha terra, un pobo e unha fala
 Castiñeiros, carballeiras e romarías
 Igrexarios, mosteiros, ganderías
Rebordelas, corredoiras embruxadas
 Unha terá, un pobo, unha fala
 O mareiro vento desta costa
 O bater das olas en Fisterra
 O nacente corazón que se te encala
 Unha terra, un pobo, unha fala
 A maneira de buscar o noso pan
 Unha forma de bailar no noso chan
 Muiñeiras, alalás e foliadas
 Unha terra. un pobo, unha fala.

AS MOCIÑAS DE CELA

As mociñas que hai en Cella
 non é unha, que son todas,
 poñen dous pares de medias
 para teren as pernas gordas.
 Amoriños collín
 na beiriña do mar
 amoriños collín
 non os podo *olvidar*
 non os podo *olvidar*,
 non os podo *olvidar*,
 amoriños collín
 na beiriña do mar

As mozas de Cella
 cando van co gando
 espichan a vara
 e bailan o tango
 e bailan o tango
 e a muiñeira
 As mozas de Cella
 non hai quen as queira
 Amoriños collín
 na beiriña do mar
 amoriños collín
 non os podo *olvidar*

**MANUEL MARÍA E SUSO VAAMONDE
UN POETA E UN CANTOR UNIDOS POLO
AMOR ÓS RAPACES , Á FALA E Á TERRA.**

As nenas e nenos de 3º queremos facer unha pequena homenaxe a Manuel María, o poeta da Terra Chá, pola súa obra " Os soños na gaiola" dedicada ós nenos e que tan ben nos cantou Suso Vaamonde no disco do mesmo nome.

Recompilamos co tal fin as letras desas cancións e aquí tendes unha pequena mostra.

GALICIA

Galicia docemente
está ollando ó mar:
¡ten vales e montañas
e terras *pra* labrar!

Ten portos mariñeiros
ciudades e labregos:
¡cargados de traballos
cargados de *trafegos* !

Galicia é unha nai
velliña, soñadora:
¡na voz da gaita rise,
na voz da gaita chora!

Galicia é o que vemos
a terra, o mar e o vento...
¡Pro hai outra Galicia
que vai no sentimento!

somos nós
a xente e máis a fala.
¡Se buscas a Galicia
en ti tés que atopala.

Galicia



A BONECA



A meniña está cosendo
un fermoso *delantal*
¡Dá puntadas e puntadas
nun farrapo de percal!

A meniña está cosendo
a meniña está bordando:
¡en cada puntada súa
un soño vai apreixando!

A boneca é unha espiga
de máis, con pelo loiro
¡A boneca hai que vestila
que non pode andar en coiro!

A neniña é moi proviña.
¡Cose, cose no *retal*:
a boneca hai que poñerlle
un fermoso *delantal*!

¡A boneca é moi fermosa
máis fermosa non a hai!
¡A boneca fai de filla
i a neniña fai de nai!

CARACOL

Caracol, col, col
caracol, *caracoleiro*
¡pon os teus cornos ó sol
xa que es tan *frioleiro*!

Ó lombo levas a casa,
caracol, *caracoleiro*:
¡e deixas cintas de seda
engalanando o carreiro!

Caracol, col, col
caracol, *caracolón*
¡pon os teus cornos ó sol
ó sol os teus cornos pon!

ELLA

co seu

colorín co seu colorido

O Arco da Vella coas sete cores
que teñen no ceo beleza de flores

O Arco da Vella no *ceio* é achatado
co seu *colorín* co seu colorado

O Arco da Vella é un arco *trunfal*
con sete guerreiros que ninguén fai mal.

O Arco da Vella de luz feito é
resulta un milagre que siga de pé.

CAMPÁS

Ergue, meu meniño
ergue, lacazán
que as campás xa tocan
con ledó din-dan.

¡Ledas *campaiñas*
xa tocando están
que chegou a *ialba*
chamando á *mañán*!

¡Tocan as campás
i andan a falar
cousas moi fermosas
por todo o lugar!

¡Falan as campás
con voz de metal
o seu canto voa
dende o monte ó val!

¡Érguete, meu neno,
porque o campaneiro
deixa de tocar
se eres *perguiceiro*!



NENAS E MENOS DE 3º

AS NOSAS RECEITAS MÁIS DOCES

TORTA DE XEMA E AMÉNDOA **INGREDIENTES:**

4 ovos, o mesmo peso de azucre e o dobre de



améndoa moída.

PREPARACION: Bate-las claras a punto de neve e engadí-lo azucre. Ao estar ben mesturado, engadí-las xemas, unha a unha, sen bater, mesturando en último lugar a améndoa. Poner nun molde un papel para que non se pegue e bota-la pasta, deixando a forno moderado ata que calle. Tirar do molde antes de que a torta arrefría.

XEADO DE LIMÓN

INGREDIENTES: 3 limóns, unha clara de ovo, 400 gramos de azucre e $\frac{3}{4}$ de litro de auga.

PREPARACIÓN: Bótase nun cazo a auga e o azucre (reservando unha cullerada). Ponse ao lume e déixase que ferva durante catro minutos. Deste xeito obtemos un xarope. Mentres

arrefría, esprémense os limóns. A continuación, elaborase o punto de neve. Para iso batemos a clara de ovo cunha cullerada de azucre ata que quede un merengue esponxoso e consistente. Finalmente xuntamos o punto de neve co xarope e o zume de limón. Cando estea ben mesturado repartimos nun molde ou en recipientes individuais e introdúcese no conxelador durante cinco horas como mínimo.

FLAN DE MAZÁ

INGREDIENTES:

5 mazás, media cunca de auga, 4 ovos, unha lata de leite condensado e media cunca de azucre.

PREPARACIÓN: Pela-las mazás e poñelas a cocer utilizando a auga coa metade do azucre. Unha




vez cocidas facer un puré e deixar arrefriar. Aparte bate-los catro ovos ata que estean ben esponxosos.

Engadírlles pouco e pouco o leite condensado e mesturar todo co puré das mazás unha vez que estea frío. Co sobranste do azucre acaramelar un molde, poñe-la preparación a cocinar ao “baño de María” durante catro ou cinco minutos ata que estea ben callado. Para servir hai que esperar a que estea completamente frío o flan e sacalo do molde.

MANTEIGADAS

INGREDIENTES : 5 ovos, 350 gramos de faríña, $\frac{1}{4}$ de azucre, $\frac{1}{4}$ de manteiga, 2 culleradas de zume de limón, 2 culleradas de raíada de limón e 1 cullerada de levadura.

PREPARACIÓN: Para comezar deixaremos a manteiga fóra do frigorífico a fin de que abrande. Unha vez así, mesturaremos co azucre, a raíada e o zume de limón. Por último uniremoslle os ovos e baterémolo todo ben. Entón engadiremos a



faríña coa levadura e seguiremos baténdoo ata que fiquen unha masa uniforme. De seguido colocáremolo en moldes de papel que meteremos no forno a lume moderado durante 15 minutos.

GALLETAS DE NATA

INGREDIENTES : 1 cunca de nata, 1 cunca de azucre, 1 ou 2 ovos, faríña e un chisquiño de bicarbonato.

PREPARACIÓN : En primeiro lugar mesturaremos a nata e o azucre, baténdoo todo ben ata que fiquen unidos. Despois engadiremos o bicarbonato e máis o ovo e volveremos a traballalo todo xunto. Feito isto engadirémolle a faríña ata que formemos unha pasta que non se pegue. Por último, coa axuda dun rodeillo, estenderémolo e iremos cortando as galletas, que meteremos no forno ata douralas.

4º A.

COMO ERA A ROMARÍA DE SAN AMEDIO

Asistían á misa maior e algunha xente quedábase a comer. Púñase unha cesta coa comida no chan e empezábase a comer empanada ou o que se levase.

Pola tarde, na festa, como non había luz, non se podía bailar.

Carla Pereira.

Antigamente nas romarías meus avós ían en grupos cos amigos. Levaban a comida: empanadas, bocadillos... Pola tarde había xogos populares nos que participaban todos. Logo bailaban e miraban para a orquestra. Ó final, pola noite, acendían unha fogueira e cada un contaba a súa his-




toría. Durmían alí e pola mañá erguíanse moi cedo e cada quen ía para a súa casa.

Aída Queimado.

Madrugaban para coller o sitio no monte. Punan o mantel para despois xantar. Ían á igrexa para escoitar a misa e despois comían sardiñas asadas. Pola tarde bailaban.

Andrea Sampedro.



A San Amedio ían andando e despois oían a misa. Un quedábase para facer as brasas no monte. Ó vir da

misa asaban as sardiñas e tamén traían empanadas de xoubas e maragota. De postre comían empanada de mazá.

Despois de comer cantaban e bailaban. Pola noite ían ó bar comer as sobras do mediodía. Ó vir do bar ían á festa, cando a había. Ó rematar a festa íanse para a casa andando.




Irene Santos.

Ían cos amigos e amigas pola tarde, despois de comer. Levaban roupa normal. Había orquestras e quedábanse ata a noite.

Alba Ríal.

San Amedio é un santo milagreiro, segundo contan os vellos. Cura moitos males, en especial, os da tripa. El ten as tripas fóra, e a xente faille ofrendas desde hai moitos anos. Antigamente era máis forte a tradición e a fe que se lle tiña. Cando alguén facía



unha promesa viñan cumprila sen falta. Despois da misa había a procesión onde ía o santo cheo de billetes que lle pinchaban no manto.



Os devotos comían de romaría, nos montes do arredor, sardiñas asadas, churrasco de porco, empanadas... De postre, sandía, café de pota, caña, viño e sidra.

Logo comezaba a festa coa banda de música. Bailábase ata altas horas da madrugada e logo volvíase para a casa andando, foses de onde foses, cos zapatos na bolsa e as zapatillas nos pés, coas cestas da comida e as roscas para os que quedaran na casa.


Luís Pastoriza.

DICIONARIO IMAXINARIO

- **Aire** : O tormento dos que levan perruca.
- **Alcalde** : Un sombreiro, un puro e un bastón, que dirixen a cidade.
- **Ano** : O tren que da continuamente voltas.
- **Auga** : Leducia do deserto e xarope de vida.
- **Avión** : Mosca teledirixida que leva dentro moita xente.
- **Boi** : Bisté moi grande con cornos.



- **Bombeiro** : Unha formiga que loita cun xigante vermello.
- **Bocexo** : A cova das moscas.
- **Bruxa** : O número un no consumo de vasoiras.
- **Canción** : A forma que teñen os homes de comunicarse cos paxaros.
- **Carta** : Un papel viaxeiro con letras.
- **Ceo** : Enorme encerado feito de algodóns grises e azuis, no que se debuxa cando chove o arco da vella.
- **Clase** : O parlamento dos nenos.
- **Cociñeiro** : Transformador mecánico de alimentos.




- **Crocodilo** : Unha grampadora con patas.
- **Deserto** : Unha praia sen mar.
- **Dragón** : Un volcán de cor verde.
- **Mestra** : A nosa outra nai-ciña, que nos ensina e ás veces con amargura nos berra pero sempre con agarimo e tenrura.

5º A.

A MARAGOTA (*Labrus bergylta*)

Descrición


A maragota é un peixe da familia dos lábridos que pode acadar un tamaño entre 40 e 45cm. e chegar a pesar os 3 kg. de peso. O chamado pinto que é a mesma especie pero con distinta coloración pode acadar os 65 cm. e os 5 kg. de peso. Ten o corpo forte, alongado e cuberto de escamas grandes e grosas difíciles de sacar; cabeza grande e alta e labios grosos e carnosos. A súa cor é variada dependendo da profundidade na que se atope. Se habita en fondos superiores ós 15 m., a maragota é de cor verde abrancazada e o pinto ten pintas vermellas apagadas e brancas, con matices amarelos case nulos. Polo contrario, se vive en fondos de entre 2 e 12 m. a maragota normalmente é de cor marrón clara, aínda que tamén as hai de cor verde e verde azulada. O pinto pola contra ten unha intensa cor vermella con pintas de cor amarela pola barriga.



MARAGOTA

Hábitat e modo de vida

A maragota é unha especie abundante no Atlántico Este, desde Noruega ata Marrocos e no Mediterráneo. Habita na zona litoral, sobre fondos rochosos e entre leitos de algas, ata 50 m. de profundidade. Son peixes solitarios moi activos durante o día, pero pola noite dormen escondidos en cavidades e grechas.



A – CANA RUDIMENTARIA.

- 1 – Encano de pino.
- 2 – Lixado de cordel.
- 3 – Cana do país .

B – CANA MODERNA DE FIBRA.

- 1 – Carrete.
- 2 – Aneis.

Alimentación


Aliméntanse de pequenos crustáceos e moluscos que arrancan das grechas cos seus grosos labios.

Reproducción

As maragotas son hermafroditas, primeiro son femias e cos anos transfórmanse en machos. A época de reprodución da maragota é a primavera. O macho constrúe un niño con restos de vexetación dentro dunha grecha, onde unha

as mallas son máis grandes cás dos trasmallos.

A **liña** é un dos métodos de pesca máis emocionantes. Empregando como cebo o camarón, dende o barco, hai que simular o movemento do camarón en liberdade. A pesca con liña, normalmente realízase nas estacións de outono e inverno, cando os fondos están limpos de algas. Nesta época a maragota soe atoparse nos baixos, chamados tamén cabezos, que son elevacións do fondo mariño con forma de pequena montaña afundida.



A LIÑA DA PESCA DA MARAGOTA

- 1 Liña
- 2 Chumbo
- 3 Estrallo
- 4 Anzol

ou varias femias poñen os ovos que máis tarde serán fecundados polo macho.

A pesca

A maragota pódese pescar con distintas artes: trasmallos, miños, liña e cana.

O **trasmallo** é un arte de pesca que consta de tres panos.

Os **miños** son tamén de tres panos e soamente se diferencian en que

Forma de cociñala


É un peixe de gran sabor, de carne branca e branda. Pódese cociñar de distintas maneiras: fritida, cocida, guisada, á galega ou en empanada. Antigamente, tamén se salgaba e secábase coma o bacallao. Coa chegada dos frigoríficos este método de conservación desapareceu, aínda que hai persoas que seguen a utilizalo.

Ángela, Bea, Lorena, Miguel e Uxía 5º B.

A NÉCORA (*Micropipus puber*)

Descrición

A nécora é un crustáceo decápodo de tamaño mediano xa que non supera os 10 cm. A súa cuberta pode chegar a medir 63 mm. É de cor castaña escura con tonalidades azuis e recuberto de abundante peluxe. Nel aparecen entre oito e dez dentes, situados entre os ollos. Os seus ollos son encarnados e as patas teñen unhas bandas negras moi características.



NÉCORA

Hábitat e modo de vida

É unha especie abundante na costa atlántica europea desde Noruega ata o Sáhara e tamén na costa mediterránea. Vive na zona litoral entre rochas, pozas, algas e zonas lamacentas como as bateas, en profundidades comprendidas entre os 10 e 70 m. Ten actividade nocturna e pasa o día escondida nas grechas das rochas ou enterrada na area.



PESCA CON NASAS


Alimentación

É un animal omnívoro. Cando é larva aliméntase de zooplanko e en estado adulto caza animais da súa ou de outras especies ós que racha e esmigalla coas pinzas e logo leva á boca. Tamén come restos de algas e detritos.

Reproducción

A nécora é un animal ovíparo. Presenta dous sexos ben diferenciados. O abdome é diferente en cada un deles. Mentres o abdome do macho é triangular e con dous pares de apéndices, o da femia é máis ancho e cóncavo, con catro pares de apéndices, de xeito que pode suxeitar e protexer toda a posta de ovos. As dúas desovas realízanse entre os meses de xa-

neiro e marzo. Nunha posta uns 200.000 ovos quedan suxeitos ós apéndices abdominais da femia onde se incubarán durante (40-60) días. Despois da incubación nacerá unha larva que pouco a pouco se irá transformando nunha nécora adulta.




BOU DE VARA

A pesca

Captúrase de diferentes formas e entre elas podemos indicar: as nasas e artes de arrastre coma o bou de vara.

As nasas son unha especie de gaiola con armazón de madeira ou metálico, cun burato de entrada. Para atraer ás nécoras os mariñeiros colocan no interior das nasas un isco (sardiña, xurelo, cabala ...). As nasas lárganse ó mar unidas entre elas en grupos chamados “caceas”. As caceas déixanse no nar desde o anoitecer ata a saída do sol que é cando se recolle a pesca.

O bou de vara é un aparello formado por unha rede de arrastre utilizado en zonas onde abundan as bateas.



NASA

Forma de cociñala

A nécora en Galicia é un marisco moi apreciado para o consumo. Cómesse en fresco, cocido ou emprégase na fabricación de sopas . Como norma xeral o marisco cócese en abundante auga con sal e loureiro. A nécora bótase en auga fría e viva. Unha vez que a auga empece a ferver o tempo de cocción é de 8 minutos.



**Jacobo, José Carlos, P. Reiriz,
Sergio, Jesús. 5º B**




O POLBO. (*Octopus vulgaris*)

Descrición

O polbo é un invertebrado do grupo dos moluscos cefalópodos. O máis curioso del son os seus oito tentáculos de cor gris con manchas de diferentes tonalidades. Estes tentáculos levan na súa cara interna unha dobre fila de ventosas que utiliza para apegarse ás rochas e capturar ás presas. A maneira de nadar dos polbos é semellante ó que sucede cun globo inchado. Estes animais aspiran gran cantidade de auga que logo expulsan con violencia, saíndo despedidos; gracias ós tentáculos e á forma do seu corpo poden dirixirse mentres nadan. Pode medir ata 1.80 m.

Hábitat e modo de vida

O polbo é unha especie moi común en tódolos mares do mundo. Vive en fondos rochosos, arentos ou de barro, xeralmente en augas pouco profundas. Cando nada, mantén os seus oito brazos pegados ó corpo e avanza por propulsión a chorro. Para asustar ós depredadores e poder escapar ou esconderse lanza un chorro de tinta negra. Tamén cambia de cor e pode camuflarse confundíndose coas rochas, a area ou o fondo do mar



Alimentación

É un animal preeiro e moi voraz que captura o alimento coa axuda dos seus tentáculos. Posteriormente estes alimentos son conducidos á boca, situada no medio do círculo dos brazos onde unha membrana circular dá paso a unhas mandíbulas moi fortes. Come basicamente caranguexos, caracois, ameixas e pequenos peixes.


Reprodución

É un animal ovíparo, reproducése por ovos colocados dentro de cápsulas ovaladas que son fixadas nas grechas das rochas. Unha femia pode poñer máis de 100.000 ovos.

A pesca


A pesca do polbo pode realizarse utilizando diferentes artes:

Nasas – Son coma gaiolas de vimbios, ou madeira de diferentes formas e tamaños.




Raña – Formada por uns arames que rematan en ganchos colocados sobre unha pedra á que se lle ata un caranguexo. O polbo ó ver que o caranguexo se move, vai a por el e nese momento o mariñeiro tira pola liña que está suxeita á raña e méteo a bordo.

Lañeira – É un pao, normalmente de vimbio, que mide un



metro ou máis de longo e leva amarrado nun extremo unha pequena rede ou un anzol onde se mete a carnada. A lañeira métese debaixo dunha pedra e cando o polbo sae a comer engáñase co bicheiro.

Bicheiro – Pao longo cun gancho afiado, metálico, na punta. É moi práctico para enganchar e coller o polbo, peixes, etc. e mete-



los na embarcación.

Forma de cociñalo

O polbo pode cociñarse de moitas e moi diferentes formas, pero unha das máis utilizadas na cociña das nosas casas é a seguinte :

Polbo en caldeirada

Pasos a seguir:

1. Mazar o polbo (60 golpes os grandes , 30 golpes os pequenos) ou conxelalo durante uns días para que abrande.
2. Lavar ben o polbo en auga fría.
3. Poñer unha ola con auga ó lume e cando ferva meter e sacar o polbo tres veces dentro dela, deixando que en cada intervalo a auga volva ferver.
4. Pelar e cortar as patacas en daditos e incorporalas na auga co polbo.
5. Deixar cocer o polbo e as patacas durante 15 minutos e retirar as patacas. O cabo de 5 minutos retírase a ola do lume e deixase en repouso o polbo 5 minutos máis.
6. Introducir as patacas no forno durante 5 minutos.
7. Sacar o polbo da auga e cortar en anacos.
8. Poñer o polbo e as patacas nunha bandexa e condimentalo todo con sal, pemento picante e aceite.

Alexandra, Daniel, Irene, Pablo P., Raquel. 5ºB.

A RA

**Introdución**

Procedentes do bosque tropical de América do Sur e Centroamérica, onde a temperatura e a humidade alcanzan cotas altísimas de maneira constante.

As ras

Un engano da natureza dotou a estas minúsculas criaturas dun poderoso veneno. Os indíxenas untan ese veneno en mortíferos dardos da cara; cunha simple rabuñadura dunha frecha punzante pode acabar coa vida dun simio en poucos segundos.

Atracción Fatal

A familia das ras velenosas consta dunhas 170 especies que, abranguen todo o aspecto cromático, dende os tons pardos ata as máis estridentes. Son uns animais tímidos e delicados que espertan un gran interese pola súa toxicidade, especialmente as pertencentes ós xéneros *dendobates*, *egipodobates* e *phyllobates*. A *phyllobates terribilis*, por exemplo, ten o veneno máis forte que se coñece.

As tóxicas

As tóxicas conteñen unha elevada concentración de batrocósimas e un dos venenos máis fortes que se coñecen.

Miden

Teñen un tamaño máximo de 5 cm, aparentan ser un succulento bocado para moitos réptiles pero cando as inxiren se envelenan.

Veleno

Incluso se a substancia entra en contacto cunha ferida aberta, tamén pode ser perigosa para o home.

Por iso as comunidades indíxenas que os envelenan usan os seus útiles da cara, poñéndoo en contacto coas ras, as *expertofunte* e manipuladores das mesmas. Este costume fai que coloquialmente esas ras sexan coñecidas como “dardos velenosos”.



Andrea Vidal e Ana María Otero 6º.

O FALCÓN COMÚN

No mes de febreiro os falcóns peregrinos presentan a primavera. Macho e femia se perseguen en rápidos e acrobáticos voos.

Quen non contemplou algunha vez os falcóns peregrinos ascendendo en círculos perfectos, picando en caídas verticais e cambiando de mans, en pleno ceo unha presa acabada de capturar, non sabe o que é a perfección, a velocidade e a axilidade no voo.

Durante toda a época de paradas nupciais, o macho vixía constantemente para expulsar do seu territorio a calquera conxénere que pretenda invadilo. Os falcóns non permiten a outros peregrinos cazar no interior das súas fronteiras.

A principios de marzo, o falcón femia, bastante máis grande có macho, deposita de dous a catro ovos nun oco natural e inaccesible do acantilado ou nun vello niño de corvo. A incubación dura trinta e cinco días. Os poliños aparecen cubertos de branca plumaxe durante as dúas primeiras semanas. A nai vixía afanosamente o niño, expulsando a calquera presunto inimigo.

O macho caza para toda a familia. Transporta tódalas presas nas garras ata as inmediacións do niño, onde as entrega á femia. Es-

ta encárgase de preparar as aves para alimentar ós seus poliños.



Durante as dúas segundas semanas, os falcóns vanse cubrindo de plumas. Ó mes e medio, totalmente vestidos, están en condicións de emprender o voo. Os falcóns xoves ou inmaturos son de cor vermella ou parda. Ata despois da primeira muda, non adquiren os tons grises e azulados dos adultos.

Un mes enteiro atópanse vivindo na rocha paterna, despois de abandonar o niño. Durante todo este tempo son formados na caza polos adultos. O falcón macho soe transportar presas que deixa caer no aire, para que os seus fillos as capturen en pleno voo. A medida que os seus músculos e ás se fortalecen, os xoves falcóns acompañan ós seus pais nas cacerías.



**Zaida
6º.**



OS ARAOS

Os araos son aves mariñas.

Son de cor negra, pero teñen plumas abrancazadas no peito e debaixo das ás.

O arao é unha ave palmípede da familia dos álcidos.

Miden entre 40 e 45 centímetros.

Os araos poñen os ovos entre o mes de maio e xuño, un só ovo que varía segundo a especie.

Hai tempo había moitos araos en Galicia, pero fóronse extinguindo, e agora é unha especie de ave que está en perigo de extinción.

O arao típico da península Ibérica sufriu unha veloz desaparición a comezos do século XX. A presenza de araos no litoral galego era moi abundante.


Na década dos 90 desapareceu a derradeira parella de araos que aniñaba nas illas Cíes, e só quedaban araos ibéricos nas illas Berlengas (Portugal), illas Sisargas e no cabo Vilán.

Logo do *Prestige*, en novembro de 2002, as parellas de araos dos cans que quedaban en Galicia extinguíronse case por completo, pero recentemente atopáronse reprodutores no cabo Vilán.

Non pode considerarse que a escaseza de arao sexa unicamente por consecuencia do *Prestige*, senón que tamén hai que destaca-la ausencia de políticas ambientais

que protexan esta ave.

Durante a década dos 90 foron moitos os araos que chegaron diariamente á costa galega cheos de petróleo por culpa do lavado de tanques que os buques petroleiros realizaban en mar aberto.



Esto unido á desaparición dos bancos de anchoas como resultado posible cambio na temperatura do mar, deixou ós araos sen a súa principal fonte nutritiva preto da costa.

TIPOS DE ARAOS:

ARAO POS CONS

Ten as ás cortas e de cor negra, pero ten plumas abrancazadas no peito e debaixo das ás.

Nada e mergúllase en busca das súas presas usando as ás como aletas e axudándose cos pés.

ARAO LORO

É de tamaño máis reducido có común e peteiro moi curto.

ARAO ROMERO

É de tamaño mediano, ten o peteiro ancho, pero non moi longo. Ten un risco, nada coa cola moi erguida.





Gael Rodríguez 6º.

Pearl Harbor

Pearl Harbor, situado fronte á illa de Oahu, Hawai, a uns 10 km. ó oeste de Honolulu, era unha das bases navais dos Estados Unidos.

O goberno dos Estados Unidos obtivo por primeira vez o dereito a utilizar en exclusiva a baía e instalar unha base de reparacións e abastecemento para os seus barcos no ano 1887, pero as melloras do porto non comezaron ata despois de que os Estados Unidos anexionaran as illas Hawai en 1898.

Á primeira hora da mañá do 7 de decembro de 1941, submarinos xaponeses e avións procedentes dos portaavións atacaron a flota estadounidense do Pacífico en **Pearl Harbor**. Os aeródromos militares próximos tamén foron atacados polos avións xaponeses. Oito buques de guerra e máis de dez embarcacións foron fundidos ou sufriron graves danos. Case 200 avións foron destruídos e morreron ou resultaron feridos aproximadamente 3.000 homes da Ma-



riña e do Exército. O ataque supuxo a entrada de Xapón na **II Guerra Mundial** ó lado dos alemáns e italianos, e a dos Estados Unidos no bando aliado.


Pouco despois do ataque, o presidente estadounidense Franklin D. Roosevelt designou unha comisión investigadora para determinar se a negligencia contribuíra co éxito dos xaponeses no ataque a **Pearl Harbor**. O informe da comisión encontrou ós comandantes da Mariña e ó Exército da zona de Hawai, ó almirante Husband E. Kimmel e ó xeneral Walter C. Short culpables de “abandono de obrigacións” e “error de xuízo”. Os dous homes foron, en consecuencia, retirados dos postos.

O *Arizona Nacional Memorial*, que se erixe sobre as ruínas da batalla naval de **Pearl Harbor**, recorda ás vítimas do ataque.

María e Míriam 6º.

VOLVO OCEAN RACE

A VOLVO OCEAN RACE, é unha gran regata entre as do mundo da vela. Ata agora sempre saíu dun porto inglés, pero nesta edición, a novena, saíu dun porto de Galicia, a nosa terra, máis concretamente do porto de Vigo, máis aproximado, dende o porto náutico de Vigo.



Os participantes desta 9ª edición, moi especial para os seguidores da vela españois son: O Sony Ericsson Sueco, o Piratas del Caribe de EE UU, o Amro 1 holandés, o Amro 2, tamén holandés, o Brasil de Brasil, como o propio nome o indica, o Premier Australiano, e o Movistar, o único barco Español que esperemos que consiga un bo resultado.


A VOLTA divídese en 9 etapas : A primeira etapa saíu o día 12 de novembro de Vigo e remata o día 2 de xaneiro en Cidade do Cabo (Sudáfrica); a segunda sae desta cidade e remata o día 12 de Febreiro en Melbourne (Australia); a terceira sae de Melbourne e remata o día 19 de febreiro en Wellinton (Nova Celan-

da); a cuarta etapa empeza en Wellington e remata o día 2 de abril en Río de Janeiro (Brasil); a quinta etapa sae de Río de Janeiro e remata o día 7 de maio en Baltimore (EEUU); a sexta etapa comeza en Baltimore e remata en Nueva York (EEUU) o día 11 de maio; a sétima etapa sae de Nueva York e remata o 2 de xuño en Portsmouth (Inglaterra); a oitava etapa sae de Portsmouth e remata o día 15 de xuño en Róterdam (Holanda); e a novena e última etapa sae de Róterdam e remata o día 17 de xuño en Gotemburgo (Suecia).

En total recorrerán 60.560 km. en 8 meses.

A volta ó mundo de vela non só é unha volta ó mundo, senón que son cinco. A distancia que se correrá nesta edición é equivalente a recorrer case cinco veces a Terra á altura do Ecuador.

Mauro Álvarez 6º.




A CONTAMINACIÓN

A **contaminación** atmosférica débese a que as fábricas queiman moito petróleo. Aparte destas sustancias contaminan: coches, desodorizantes, colonias, residuos...etc.

Nos Estados Unidos contáminase máis ca en ningún sitio. Iso débese a que non firmou o **Protocolo de Kioto**, porque precisa contaminar moito e queimar moito petróleo.

Como nisto inflúen tantas cousas a atmosfera ten un buraco moi grande.

Luís Martínez 6º



A **contaminación** hoxe en día témola que considerar como unha cousa moi importante, debido a que o noso planeta está sufrindo grandes cambios climáticos procedentes do quecemento da terra.

A contaminación soe distinguirse entre: atmosférica, das augas, do solo e subsolo, aínda que hai algunha clara relación entre elas: por exemplo, a choiva arrastra os contaminantes atmosféricos ata depositalos no solo e nas augas, hai outra forma de contaminación que se pode considerar a máis importante que é a producida polo ser humano, por exemplo, a descarga de auga quente procedente dunha central térmica, o ruído, a contaminación das fábricas industriais, etc. Por iso deberíamos concienciarnos e contaminar menos.

Alejandro 6º.

OS INMIGRANTES



Os inmigrantes pagan todo o seu diñeiro para marcharse a outro país. Arriscan a súa vida nas *pateras* e deixan á súa familia. Algúns morren polo camiño e outros conseguen chegar e cando chegan están en moi malas condicións físicas, e á maioría deles vólvenos mandar ó seu país de orixe.

Os inmigrantes foxen da fame e da po-



breza e marchan a outro país para gañar máis cartos e poder darlle unha vida mellor ós seus fillos e familiares. Os que conseguen chegar sen que os collan, a xente que



lles dá traballo aproveitase deles, pois fannos traballar moito e páganlle

moi pouco. Néganlles os seus dereitos xa que a maioría deles non teñen papeis e traballan sen seguro e sen contrato.



Cústalles moito conseguir os papeis para quedarse no país e moitos deles non o logran.

Eles o que queren é ter papeis e poder traer á súa familia para darlles unha vida mellor, pois no seu país non poden. Non hai traballo e, se o teñen, páganlles moi pouco e non lles chega para sacar adiante á súa familia. Por iso fan todo isto.



Dani 6º



CONTOS

A LAGOA DO BOSQUE

Había unha vez unha lagoa que estaba nun bosque. A auga que contiña era a máis potable do mundo e dicía a lenda que a fervenza da lagoa xa existía desde había máis de tres millóns de anos e que nunca secara.




Alí tódolos animais eran amigos agás un, o rinoceronte Bruno. Os animais pensaban que en canto tivera fame mataría á presa máis fácil. Por iso eles se mantiñan lonxe do rinoceronte.

animais subiron ó cume da montaña para ver que era o que pasaba e por que non corría a auga. Tardaron dúas horas pero valeu a pena porque o que había era unha árbore centenaria que caera por culpa da tormenta.

Todos intentaron apartala pero ninguén tiña tanta forza como para quitala do medio. Entón foron pedir axuda ó moucho Tonio. El díxolles que a única solución era avisar a Bruno, que el sería capaz de quitala co seu corno.

Os animais ó ver que ton tiñan outra solución, avisárono. Bruno púxose tan ledo que foi correndo ata o cume da montaña e co seu corno apartou aquela árbore. Desde ese día os animais foron os seus amigos.

Aida Queimaño 4ºB.




Un día veu unha tormenta sobre a terra e os animais escondíanse onde podían: debaixo das árbores, dentro das matogueiras... Cando volveu o sol a lagoa tiña auga pero pouco a pouco foise secando. Cando a lagoa xa non tiña auga tódolos

A NUBE MÁXICA

Hai moitos anos nun pobo a xente era moi pobre e tiña que traballar moito para non quedarse sen comida.

Cada vez estíbese quedando sen nada para comer.

Un día de moito sol saíron ás fincas a traballar. Cando se puxeron a traballar, no ceo achegábase unha nube. Todos pensaron que ía chover, pero a nube comezou a falar.



- Ola amigos, son a nube máxica
Os habitantes quedáronse abraiados mirándoa.

Ela díxolles outra vez:

- Vide comigo ó país marabilloso.
Eles non confiaban moito na nube, pero ela convenceunos. Todos se subiron nela e marcháronse.

Cando chegaron, miraron ó seu arredor e era unha illa moi bonita. Había casas, moitas palmeiras, fervenzas e moita comida. Todos se quedaron asombrados.

O que faltaban eran as flores. A nube descargou gotas de auga máxica nunha montaña, pero eran gotas máxicas que, ó caer, convertíanse en flores. Cando parou, tódalas montañas estaban cheas de flores.

Chegou a noite e todos se meteron nunha casa para durmir. Ó día seguinte levantáronse e saíron das súas casas e tiñanlles preparada unha festa. Había

comida de tódalas clases: froitos, carne e moita cousas máis. Todos estaban contentos e felices.

Alba Rial 4º B.

A SEREA ANICA E A SÚA IRMÁ

Había unha vez unha serea chamada Anica, que vivía no fondo do mar cos seus pais e a súa irmá Erica. As dúas eran moi fermosas e queríanse moito. Sempre saían xuntas a pasear e a xogar polo mar adiante.

Os seus pais sempre lles recordaban que non podían ir cara ó sur porque alí corrían moito perigo, pero as dúas sereas tiñan moita curiosidade en coñecelo xa que crían que nesas augas había un gran tesouro, pero elas sempre volvían á súa casa antes de que escurecese.



Un día volveron saír xuntas, coma sempre, pero esta vez os seus pais non se lembraron de dicirlles o perigoso que sería ir ó sur. Entón as sereas pensaron que xa poderían ir nadando a toda présa. Chegaron ata alí onde todo estaba moi escuro. De alí a un cuarto de hora Anica dixo:

- Vou ver que hai detrás desa rocha.

De súpeto, apareceulles un tiburón moi famento. Anica, que era moi, moi medica, empezou a chorar tan forte que Erica escoitouna e foi buscala, pero escapou a correr, porque os tiburóns dábanlle moito medo. Ó chegar contoulle ós seus pais o que ocorrera. Os seus pais asustáronse moito ó escoitar aquilo e foron correndo para alá pero non a atoparon porque Anica estaba loitando cos tiburóns e eles escaparon correndo co medo.

Cando chegaron os seus pais estaba moi asustada. Tapárona cunha manta e levárona para a casa.

Anica contoulle todo o que lle pasara e eles dixéronlle ás dúas que desobedecer podía ser perigoso e tanto Anica como a súa irmá aprenderon a lección ademais de perderlle o medo ós tiburóns.

A partir dese día as sereas foron moi felices cos consellos dos seus pais.

Irene Santos 4ºB.



A SERPE ABURRIDA

Érase unha vez a serpe Laura que estaba moi aburrida e decidiu ir a un circo, pero non lle gustou. Un día encontrou a un encantador de serpes e preguntoulle:



- Sabes onde hai traballo para as serpes?
 - Non, síntoo pero non o sei.
- Entón Laura foi a un zoo e preguntoulle ó director:
- Aquí, no zoo, viven ben as serpes e teñen traballo?
 - Aquí as serpes son admiradas pola xente, fanse famosas e non teñen que traballar porque a comida é gratis.
 - ¡Humm! Esta idea gústame moito.

Entón quedouse no zoo. Cando levaba uns anos deuse conta de que estaba soa, pechada e aburrida. Botaba de menos a liberdade e cazar para comer.

Desde aquel día deuse conta de que vivir sen traballar non é moi divertido. O mellor é loitar polo que precisas e vivir en liberdade.

Luís Pastoriza 4º B.

A GRANXA

Érase unha vez unha granxa na que vivía un matrimonio que se chamaba Pepa e Ramón. Eran moi traballadores. Tiñan unha porca, dous burros e catro vacas. A todos os coidaban con moito cariño.



O home sementaba as leiras e a muller vendía o leite que lle daban as vacas. Tódalas mañás muxían as vacas e enchían botellas de leite e, nunha cesta, vendían o leite polas casas.

Eles eran moi felices na súa pequena casiña coas súas leiras.

Un día coma outro calquera pasaron por alí uns homes moi ben vestidos. A muller mirounos e preguntoulles a que andaban. Aqueles homes querían comprar tódalas leiras que había e tamén a súa para facer un hotel rural, xa que o sitio era moi bonito.

A muller e mailo home dixéronlles que eles por nada do mundo deixaban a súa casiña, os seus animais e as súas leiras.

Andrea Sampredo 4º B.


AS CASTAÑAS

Había unha vez un castiñeiro moi fermoso e moi grande que tiña unhas castañas moi ricas. Un día o vento sopraba moito e unhas poucas castañas saíron voando da árbore. Caeron na ventá dunha casa pobre. A ventá estaba aberta e con outro pouco de vento entraron para dentro.

A nena, chamada María, ía ir ó magosto do colexio, pero non tiña diñeiro para comprar as castañas. Ó ver aquelas castañas díxolle á súa nai:

- Mamá, mira o que encontrei.
- Que, filla?
- Unhas castañas.
- ¡Que ben, así poderemos ir ó magosto!.

Ó día seguinte colléronas e foron á festa. Pasárono xenial comendo castañas e xogando ó brilé, á pita, ó balón, ós globos...




Chegaron á casa e, como era de noite, deitáronse a durmir.

Pasaron uns anos e os pais de María morreron e ela chorou

moito. Ela só tiña vinte e seis anos.

María casou cun home chamado Carlos que traballaba no campo e tiveron dous fillos preciosos e foron moi felices.

Carla Pereira 4º B.



XOANA E O FIADEIRO

Había unha vez unha nena chamada Xoana a quen todos querían e a quen lle gustaba moito ir ao colexio. O que máis lle gustaba era ler, sobre todo o Fiadeiro, o periódico do colexio.

Pero un día, con tan mala sorte, uns nenos moi travesos roubaron todos os traballos dos rapaces, e os profesores non puideron facer o Fiadeiro.

Ía achegándose o día do reparto dos periódicos e ninguén sabía o que facer.

Xoana notaba que algo raro pasaba, porque todo o mundo andaba nervioso, pero non había quen de dicirllo. Sabían que se desgustaría.

Ata que un neno, sen querer, contoulle o que pasaba. Entón Xoana non paraba de chorar. ¡Non podía ser! ¡Había que buscar unha solución!

Aquel mesmo día anunciaron por televisión que pola noite ía haber unha chuvia de estrelas.

Xoana oíra falar de que se podían pedir desexos ás estrelas fugaces e que ás veces se cumprían.


Esperou á noite, foise para a terraza da súa casa e, con todas as súas forzas, desexou que este ano houbera de novo Fiadeiros para todos. De súpeto, empezaron a caer por todas partes. Xoana era moi feliz, non o podía crer.

Así todos os nenos puideron ler o Fiadeiro. E non só os nenos do colexio senón todo o mundo.

Alba Ferradás Rial 4ºA.

O OSO PERDIDO

Érase unha vez un oso que marchou de caza. Cando viña de regreso para a súa casa cunha



presa, desatouse unha forte tormenta e tivo que meterse nunha cova que había por alí.



Ao escampar, o oso saíu da cova e viu que todo estaba limpo pola auga.

Quería regresar a súa casa pero non atopaba o camiño.

Foi andando, andando, ata que deu cunha cova moi grande. Quería instalarse alí, pero a cova xa tiña un inquilino, que axiña o botou fóra.

Entón, camiñou e camiñou ata que chegou por fin a súa cova. ¡Gracias a Deus!

Púxose máis feliz ca ninguén.

Serafín Martínez Canosa 4ºA.

TRUMBO E KUKI.

Trumbo e Kuki eran dous cans dunha aldea da montaña de Lugo. Vivían cos seus donos, un matrimonio de mediana idade e ocupábanse de coidar, entre outras cousas, un rabaño de ovellas. Os cans estaban moi ledos porque os seus donos compráranlle unha caseta a cada un.

Tódolos días o dono levaba as ovellas ó monte e os cans vixiábanas moi ben. Pero un día con forte vento e moita chuvia, algo moi grave ía acontecer. As ovellas estaban nerviosas e intranquilas, e os cans moi inquietos. De súpeto saíron tres lobos que estaban agochados tralas árbores. Tiráronse enriba das ovellas, intentando comelas; pero Trumbo e Kuki, que eran moi intelixentes, conseguiron que os tres lobos fuxisen.



De agora en diante as ovellas e o seu dono sabían que con estes dous cans tan bos nunca máis terían medo ós lobos.

Irene 5º B.





POESÍAS

MENSAXE DE PAZ

Xa remata o dous mil cinco
e volve nacer o Neno
naquel portal de Belén
onde fomos coñecelo.

Deixounos o pasado ano
unha mensaxe de paz
para que nos quixeramos
todos xuntos coma irmáns.

Pero a realidade é outra,
pois o que vemos na Terra
son loitas, vinganzas, odios,
atentados, bombas, guerras.

Non quixeramos que houbera
tantas mortes en Irak,
nin atentados de Al-Qaeda,
nin pateiras polo mar.

Hai moita desigualdade
neste mundo en que vivimos,
pois os ricos, son moi ricos,
e os pobres, moi pobriños.

Hai xente que pasa fame,
que non ten onde vivir,
xente que está sen traballo,
xente sen saber sorrir.

Temos que pensar un pouco
neses nenos que traballan,
que non viron unha escola,
que non teñen unha casa.

Deses nenos, por desgracia,
existen moitos no mundo,
a xente pecha os ollos
para non velos ¡que duro!.

Hai nenos que non tiveron
ocasión de disfrutar
dun pequeniño xoguete
polas festas do Nadal.

Desde a súa tenra infancia
traballan de sol a sol
para axudar na súa casa
ós seus pais e ós seus avós.

Nenos que morren de fame,
nenos que morren de pena,
nenos que están só no mundo
e tamén, nenos da guerra.

Nós, rapaces de Beluso,
temos todo o que queremos
e por iso non lembramos
as miserias doutros nenos.

Somos uns privilexiados
por vivir onde vivimos
e non debes esquecerte
dos que non teñen cariño.

Unha vez máis este ano,
desde o Portal de Belén,
outra mensaxe de Paz
volve de novo nacer.



Anónimo.





O colexio, o colexio,
¡que tormento!
isto é un castigo
para o meu alento.
Nunca me poderei ir,
é un camiño sen fin.
Sinto medo no colexio,
só disfruto no recreo.
Que triste estou,
o meu corazón ten temor.

Víctor 5º A.

Que día tan ledo está hoxe
con este espléndido sol,
meu sol, meu sol,
espértome polas mañás,
e miro polas ventás.

Laura 5º A



Sénteste moi triste,
as nubes son escuras
as ondas se enfurruñan,
polas chuvias tan duras,
as laveras atordadas
non saben a onde ir,
xa que do seu acocho
non poden saír.

Elsa 5º A

Nubeciña, nubeciña,
por que choras?
xa enchíche-los corgos coas
túas bágoas,
déixanos xogar ó balón,
e disfrutar dun bo sol..

Cristian 5º A



Síntome nubrado hoxe,
porque non brilla o sol,
a súa bela luz está tapada
por un gran neboeiro.

Judit 5º A

Amistade

Dúas pinzas na auga,
pódense oxidar;
pero dous primas que se queren
non se poden OLVIDAR.

Amor escolar

O amor nos colexios
é pura diversión,
empeza nos corredores
e acaba na dirección.





Amor

Din que a distancia
esquece o amor mais profundo,
pero eu non te esquezo
inda que te saquen do mundo.

Hai tempo que te coñezo,
e nunca me cansarei de quererte
inda que agora non estea contigo
algún día chegarei a terte.

As flores do meu xardín
florece en primavera
pero meu amor por ti
florece a vida eterna.

A nai que te pariu
debe de ser pasteleira
porque un bombón coma ti
non o fabrica calquera.

Donald é un pato
Mickey é un ratón
e ti es un tío
que mola *mogollón*.

Sara 6º.

Amizade

Cando subas ao ceo
Non te asomes ó balcón
Porque non haberá máis amigas
Que te queiran como min.

Amor

Amores tiven,
amores terei,
pero a ti
nunca te esqueceréi.

A imaxe do teu sorriso
a teño gravada na mente
e anque tivese cen vidas
non deixaría de quererte.

Se queres que te esqueza,
pinta un pino na parede,
cando ese pino dea piñas
entón eu esqueceréite.

Conta as estrelas
multiplicaas por dous,
¿parécenche moitas?
pois máis te quero eu.

Amor recatado

Cando teñas noivo
non te biques no balcón
porque anque o amor é cego,
as veciñas non o son.

Buda foi meu deus
e Mahoma meu profeta
e ti es o rapaciño
máis bonito do planeta.

Se eu fora supermán
levaríate voando,
pero como non o son
non te levo e vas andando.

Andrea Novoa 6º.



CONCURSO

O Centro De Información Á Muller do CONCELLO DE BUEU organizou o III CONCURSO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, entre os alumnos dos colexios de Educación Primaria, E.S.O. “Illa de Ons”, Virxe Milagrosa e Instituto Johan Carballeira do Concello de Bueu.

Os gañadores foron:

- 1º.- Sheila Álvarez Alfonso
2º Bacharelato – IES Johan Carballeira.
- 2º.- María Cadilla Novas
3º A ESO – IES Johan Carballeira.
- 3º.- **Mauro Álvarez Martínez**
6º Primaria – CEIP Beluso.



Mención Especial polo acertado do contido e tratamento do seu cartel a:

Rey Takasawa García
6º Primaria – CEIP Beluso.



¡Noraboa a tódolos gañadores e, en especial, a Mauro e a Rey, que son alumnos do noso colexio!

DEPORTES.

Neste curso, como é tradición, xa están en marcha as ligas dos recreos de BALONMÁN e FUTBITO, para os Ciclos 2º e 3º de Educación Primaria. Nestes intres rematou a 1ª destas ligas, que é a de BALONMÁN FEMININO, resultando CAMPIONAS as nenas dos equipos seguintes:

6º.

Ana Mª Otero González.
Andrea Vidal Villanueva.
Raquel Iglesias Regueira.
Andrea Novoa Pousa.
Sara Gómez García.
Nuria Otero Piñeiro.



4ºB.

Irene Santos Menduiña.
Aida Queimaño Soage.
Carla Pereira Fernández.
Andrea Sampredo Pereira.
Alba Rial Vidal.
Celeste Pereira Pérez.

Durante este curso imos intentar celebrar competicións no patio cuberto, tamén por Ciclos e nos recreos, de VOLEIBOL,




BALONCESTO, TENIS DE MESA e BÁDMINTON, tanto masculinas como femininas, sempre e cando as circunstancias (humanas e materiais) e o tempo nolo permitan.

Por outra parte, tamén queremos informar da intención de pór en marcha en Xaneiro, por 5º ano consecutivo, a actividade de BALONCESTO do Colexio, para os nenos/as de 6º de Educación Primaria e os ex-alumnos/as de 1º e 2º de E.S.O., que se vai celebrar tódolos mércores entre as 16'00 h. e as 18'00 h. no patio cuberto. En canto á distribución do tempo, aclarar que a primeira hora estará dedicada ás nenas e a segunda ós nenos. Esta actividade está dirixida polo mestre de Educación Física do Colexio D. Manuel Amador Alonso López, sendo totalmente gratis, lúdica e voluntaria. A data concreta darase a coñecer no mes de Decembro, xunto cos impresos para os permisos paternos dos nenos/as interesados.

ENTREVISTA A DAVID CAL

É para nós un orgullo entrevistar, para o **FIADDEIRO Nadal 2005**, a David Cal, un atleta de Hío, **campión olímpico** na modalidade de piragüismo C-1 nas últimas Olimpíadas de Atenas, onde acadou **medalla de ouro** en 1.000 metros e **medalla de prata** en 500 metros

- Cal é o teu nome completo?
- David Cal Figueroa
- Onde naciches?
- En Vilariño – Hío.
- Cantos anos tés?
- Vinte e tres anos.
- Como se chama a túa nai?
- María José.
- E o teu pai?
- Miguel Ángel.
- Tés irmáns ou irmás?
- Si, teño dúas irmás, Andrea e Paula.
- Practican elas tamén o piragüismo?
- Non, aínda que Paula, nunha época si o fixo.
- A que idade comezaches a practicar o piragüismo?
- Ós oito anos.
- Compaxinas o deporte con outras actividades?
- Neste momento, non.
- Cantas horas entrenas ó día?
- Iso depende da época e das competicións.




- Que outros deportes son os teus favoritos?
- Gústame tódolos deportes en xeral.
- Cal foi o proceso de selección para participar nas Olimpíadas?
- Para seleccionarme tiveron en conta os resultados obtidos durante os tres anos anteriores ás Olimpíadas e despois a clasificación no Campionato do Mundo.
- Como te sentiches ó gañar o ouro olímpico?
- Realicei o meu soño e sentínome moi satisfeito.
- Como levas o de ser famoso?
- Cada día mellor, aínda que ó principio mal.
- Cal foi o mellor momento da túa vida?
- As medallas obtidas en Atenas, porque ese era o meu soño.
- Cal é o teu próximo reto?
- A curto prazo o Campionato do Mundo deste ano e, a longo prazo, as Olimpíadas de Pekín.

Damos as grazas a David por responder con tanta amabilidade ás nosas preguntas e desexamos que nos vindeiros anos siga conseguindo moitísimos éxitos máis. Aproveitamos tamén a ocasión para desexarlle tanto a David como á súa familia unhas Felices Festas de Nadal.

Alexandra e Raquel 6º B.

PASATEMPOS

O SALTO DA RA



Hai que cambiar as fichas negras para o sitio das brancas, e viceversa, no menor número de movementos posible. Cando o consigas con seis fichas, inténtao con 8 (4 brancas e 4 negras)

Regras:

As fichas pódense mover a un cadro baleiro, directamente ou saltando por riba doutra.

Só se pode mover unha ficha de cada vez.

Non se pode saltar por riba de dúas fichas.



AS LETRAS FIXAS

Completa as palabras seguindo as definicións:

1	D	E					
2		D	E				
3			D	E			
4				D	E		
5					D	E	
6						D	E
7					D	E	
8				D	E		
9			D	E			
10		D	E				
11	D	E					

DEFINICIÓNS

1. Máis tarde.
2. Interiormente.
3. Porción de fíos de la, seda ...
4. Insignificancia, pequenez.
5. Prender lume.
6. Desexo de ser admirado.
7. Inxuriar, molestar.
8. Dignidade eclesiástica.
9. Que arde.
10. Empezar a saír os dentes.
11. Infelicidade.




PALABRAS REVOLTAS

Consiste en ordenar as letras da esquerda formando palabras comúns (só substantivos ou adxectivos). Logo, trasládanse os números á última columna para descubrir a serie de palabras pedida. Para maior facilidade xa vai resolta a primeira palabra

ESAION	E 5	N 14	S	A -	I 13	O 24
ZAXDER	21	-	8	29	-	-
HIECRO	17	-	2	-	-	30
VUISO	-	7	-	10	32	-
CAFROS	-	-	11	-	9	23
ASGOMA	6	26	-	18	-	-
VISIONA	-	28	-	25	20	3
LALSES	-	-	12	27	-	-
TERTIS	4	-	-	-	15	-
VIERDA	1	13	19	-	-	-
TESMOS	-	16	31	-	22	-

O que non ten medo é:

1	2	3	4	E 5	6	7	8	9
10	11	12	13	N 14	15	16	-	-
17	18	19	20	21	22	23	O 24	-
25	26	27	28	29	30	31	32	-



S
VOCAL



XEROGLÍFICO

QUE FLOR CHE GUSTA MÁIS?

REFRÁNS DE INVERNO

- A inverno chuvioso, verán abondoso.
- En decembro, leña e dorme.
- Decembro é un vello que enruga o pelexo.
- Ceo empedrado, chan mollado.
- Se en xaneiro canta o grilo, en agosto pouco trigo.
- O inverno non é pasado, mentres abril non estea acabado.
- Febreiros e abríis, os máis viles.
- En xaneiro a auga xéase no pucheiro e a vella no leito.
- Sol de xaneiro, pouco duradeiro.
- A flor de xaneiro non chega ao froiteiro.
- O polo de xaneiro sube á súa nai ao galiñeiro.
- Polo de xaneiro, debaixo das ás trae o diñeiro.
- Xaneiro quente, o demo trae no ventre.
- Inverno que moito xea, colleita de froito espera.
- Inverno-verán, nin palla nin gran.
- En decembro, xéanse as canas e ásanse as castañas.
- Un inverno na casa, moi pronto pasa.
- Porco matado, inverno solucionado.
- Frío no inverno e calor no verán, esto é o san.

4º A.



ADIVIÑAS

Entre dúas montañas brandas,
un ollo de volcán;
que non ve nada,
que bota lava.

Bagullas caendo
dun alto parral.
non saben a viño
que saben a sal.

É un monte pequeniño.
É un monte con dúas fontes
que manan se arrefrío.

Un cantante de opereta
nun teatro concorrido:
unha nota de solfeo
e todo o mundo foi ido.

Un colgarexo elegante,
fai a teu pai importante.

Que cousiña será ela,
que vai un medrando
e anda escapando?

Cargo ás costas cos erros
dos rapaces e dos profes.
Pobriña de min!
Esquecida nun currunchos;
ti comes castañas,
a min cucuruchos.

Esa clase de media hora
é a que máis me engaiola.
Mágoa que non poñan nota!

Nome de papá,
apelido de Nadal
en idioma americano;
e vén unha vez ao ano.

SOLUCIONS

O cu
As bágoas
O nariz
A cara
A gravata
A roupa
A papeleira
O recreo
Papá Noel



4º A.

Busca dez palabras relacionadas co magosto:

O	Ñ	S	R	Z	X	X	O	R	O	F	E
R	C	A	S	T	A	Ñ	A	X	I	V	I
I	Q	U	O	R	S	P	I	R	G	L	O
E	L	A	R	E	I	R	A	O	A	E	S
Ñ	F	S	S	P	T	R	V	I	Ñ	O	O
I	L	A	O	I	A	I	E	A	V	I	Z
T	A	S	U	A	S	A	X	U	E	X	I
S	O	A	T	A	O	S	U	O	U	Q	R
A	I	R	O	H	R	X	I	T	L	R	O
C	E	B	C	A	N	I	Z	O	U	A	A

CASTAÑA	BRASAS
LARINXE	CASTIÑEIRO
TIXOLA	TREPIA
VIÑO	SOUTO
OURIZO	CANIZO

Yeray Simes e Emilio Damián 6º.

Vai un loro co seu amo po-
la rúa e, de súpeto, pasa un señor
e pregunta:
"Desculpe, o animal fala?"
Ó que o loro responde:
"Non, señor."



Eran uns xitanos que se fixeron cun burro
e, entre eles, íanse rotar para darlle de comer ó
burro.

O primeiro día tocoulle a un e dixo:

"Por un día que o burro non coma non pasará
nada."

E ó outro día o outro tamén dixo:

"Por un día que non coma non lle pasará na-
da."

Así pasou unha semana e os xitanos decidiron
desfacerse do burro e levárono a un circo para
vendelo como comida para os leóns, e o dono
moi gustoso comproullo.

Non camiñaran nin cen metros cando sae o
dono do circo e bérallles:

"Conque comida para os leóns, non? Este des-
graciado burro xa se comeu dous e ten ó outro
acurrallado!"

TEST DE INTELIXENCIA

Se realmente es intelixente, debes demostralo. A continuación encontrarás unha proba mental, que debe ser contestada en menos de 15 segundos, e coa que poderás avaliar o teu grao de intelixencia. Se te consideras un "*sabeotodo*", que presume dos seus coñecementos xerais, intenta contestar correctamente ás 5 preguntas desta proba.

Non sei se o lograrás, anque che aseguro que todas son posibles de responder.

1. Algúns meses teñen 30 días, outros 31.

Cantos meses teñen 28 días?

2. Un granxeiro ten 17 ovellas. Se lle morren 9.

Cantas ovellas lle quedan?

3. Tes que entrar nunha habitación fría e escura; e só tes un fósforo. Alí hai: unha lámpada de aceite, unha vela e unha fogueira, esperando para ser acendidas.

Que acenderías primeiro?

4. **Cantos animais de cada especie levou Moisés na súa Arca?**

5. Se conduces un autobús que partiu de Santiago ás 9:30 AM con 43 persoas; paras en Ourense, recolles a 7 persoas e baixan 12, en Verín recolles a 4 máis e baixan 8, logo chegas a Barcelona, 15 horas despois de saír.

Como se chama o conductor?

Respostas:

AGORA COMPARA AS TÚAS RESPONSTAS COAS CORRECTAS:

A - 12 meses: tódolos meses teñen 28 días ou máis.

B - 17 ovellas, anque 9 mortas... pero ovellas ó fin e ó cabo, así que segue tendo 17.

C - Primeiro acenderías o fósforo ¿ou non?

D - Ningún, non era Moisés o da Arca, foi Noé.

E - Díxenche que ti eras o conductor, logo o seu nome era o teu.

En serio tiveches que relelo para entendelo?



CALIFICACIÓN:

SE CONTESTACHE 5 BOAS: INTELIXENTE

SE CONTESTACHE 4 BOAS: MEDIO BRUTO

SE CONTESTACHE 3 BOAS: BRUTO


SE CONTESTACHE 2 BOAS: BESTIA

SE CONTESTACHE 1 BOAS: BESTIA PELUDA


SE CONTESTACHE 0 BOAS: APTO PARA POLÍTICO

PUNTOS NEGROS INEXISTENTES

Mira a imaxe fixamente e verás aparecer uns puntos negros intermitentes.




De que sitio sae a barra do medio ?



PROBLEMA DE XADREZ

Xogan brancas e dan mate en 1.



A FEBRE DO SUDOKU

Completa o taboleiro de 81 casillas (dispostas en 9 filas e 9 columnas) enchendo as celas cos números do 1 ao 9. Os números non se deben repetir en cada fila, nin en cada columna, nin en cada cadrado.



	5		3				2	1
9		4						7
			4	2				
1	8		2	6	9		5	4
		6	7		4	8		
2	4		5	8	1		9	3
				7	3			
3						1		5
4	7				6		3	

NADAL



C.E.I.P. Beluso